

Tribunal cualificador do proceso selectivo para cubrir trinta e sete prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, grupo III, convocado por Resolución Reitoral do 15 de marzo de 2022 (DOG de 28 de marzo)

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para cubrir trinta e sete prazas da categoría de técnico/a de servizos xerais, en aplicación do disposto na base 5.10 da Convocatoria:

*“O Tribunal adoptará as medidas precisas para que as persoas aspirantes a que se refire o punto 3.7 da convocatoria participen en condicións de igualdade. Para tal efecto, o Tribunal poderá requirir un informe e, se é o caso, a colaboración de órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou de asuntos sociais”.*

Vistas as peticións de adaptación solicitadas e, tendo en conta os informes emitidos polas correspondentes Seccións de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Tribunal acordou:

- Resolver favorablemente un total de 2 solicitudes de adaptación das presentadas.
- Comunicar de xeito individualizado a cada aspirante que solicita adaptación o resultado da súa solicitude, con detalle da adaptación que se concede. Esta comunicación farase por medio de posta a disposición de notificación electrónica ao enderezo de correo electrónico que figura nas solicitudes das persoas interesadas.
- Facer pública a relación de adaptacións concedidas sen que figure a identidade dos aspirantes, tendo en conta as disposicións contidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais que adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e a libre circulación deses datos:

|   |                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|---|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 | Tempo: 60 minutos de tempo adicional por cada hora de duración da proba selectiva. Adaptación de medios: realización de proba selectiva en soporte informático e colaboración das persoas que integran o tribunal para trasladar as respostas á folia oficial de exame. |
| 2 | Adaptación do tamaño da letra nos exercicios do proceso selectivo (tamaño de letra 16) e colaboración das persoas que integran o tribunal para trasladar as respostas á folia oficial de exame.                                                                         |

Santiago de Compostela

A presidenta do Tribunal  
María del Carmen Ríos López

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL CARMEN RIOS LOPEZ, NIF \*\*\*3967\*\*, 30/03/2023 09:15:24.

CSV: 63E2-C3CA-42DC-914D